



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ATENEO DE SANTIAGO E O CONSERVATORIO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2.019

Dunha parte, o Sr. D. Manuel López-Rivadulla Lamas, Vicepresidente do Ateneo de Santiago, en adiante o Ateneo, actuando no seu nome e representación en virtude dos poderes outorgados polo artigo 12 dos Estatutos do Ateneo de Santiago, con CIF G-70161096, e sede social na Praza de Salvador Parga, num. 4, andar 2º, CP 15704 de Santiago de Compostela.

Doutra parte, o Sr. D. Adolfo Urrabiete Gago, Presidente de S. Coop. Galega Conservatorio de Santiago, en adiante Conservatorio Histórico, e na súa representación D^a. Esther Sobral Fernández, Directora do Conservatorio, con CIF F-70005376, e sede social na Praza de Salvador Parga, num. 4, CP 15704 de Santiago de Compostela

EXPOÑEN

1. Que o Ateneo promove unha ampla e diversa oferta de actividades culturais (conferencias, cursos, exposicións, roteiros, etc.) cara aos seus asociados e abertas á cidadanía compostelá, a tenor do establecido nos seus obxectivos sociais.
2. Que o Conservatorio Histórico desenvolve actividades de tipo formativo no eido musical para todas as idades.

Polo exposto, ambas partes consideran conveniente a sinatura dun convenio de colaboración que se baseará nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA:- OBXECTO:

O presente Convenio ten por obxecto definir a colaboración entre o Ateneo de Santiago e o Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela de cara a propiciar un maior achegamento ás actividades de formación musical que oferta o Conservatorio entre os asociados ao Ateneo de Santiago.

SEGUNDA:- CONDICIÓNS.-

Tal espazo de colaboración concrétese inicialmente nos seguintes compromisos entre ambas as dúas partes:

1. O Ateneo de Santiago facilitará a divulgación das actividades de formación musical desenvolvidas polo Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela entre o conxunto dos seus socios a través da súas propias canles de comunicación internas (páxina web, internet, etc.) co obxecto de propiciar a súa presenza nas mesmas.

2. Ambas as dúas partes comprométense igualmente a impulsar a organización conxunta de actividades musicais (actuacións e concertos de distinto tipo preferentemente) que contribúan á divulgación da música e a práctica musical entre a cidadanía.

3. O Ateneo de Santiago e o Conservatorio Histórico incluírán nas súas programacións anuais a realización de cursos para a ensinanza de instrumentos musicais, con persoal docente adscrito ao Conservatorio e nas súas dependencias, con tarifas bonificadas para os socios do Ateneo.

4. Finalmente, ambas as partes comprométense a colaborar no desenvolvemento das actividades específicas das distintas entidades, dentro das súas dispoñibilidades.

TERCEIRA:- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Créase unha comisión mixta de seguimento da execución do presente Convenio formada por Polo Ateneo: O Presidente da Xunta Directiva ou persoa na que delegue.

Polo Conservatorio Histórico: A Directora ou persoa na que delegue.

Esta Comisión resolverá as posibles controversias que xurdan, sendo ademais os seus membros os interlocutores para o desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio.

CUARTA:- DURACIÓN.-

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia por un período dun ano. Entenderase a renovación por períodos anuais, se non hai denuncia expresa comunicada por algunha das partes con un mes de antelación á data na que se queira dar por finalizado.

QUINTA.- RESPONSABILIDADE.-

A realización do presente Convenio non supón relación laboral algunha entre o Ateneo e o persoal do Conservatorio Histórico, nin implica máis obrigas que as sinaladas no acordo.

SEXTA.- XURISDICIÓN.-

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera discrepancia que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. Non obstante, as cuestións litixiosas someteranse á xurisdición ordinaria da cidade de Santiago de Compostela.

Manuel López-Rivadulla Lamas
Vicepresidente do Ateneo de Santiago

Esther Sobral Fernández,
Directora de S. Coop. Galega
Conservatorio de Santiago